

# CERTAME ARTE URBANA (GRAFITI)

CONCELLO  
DE VIGO



## RESUMO CIESTALENT

Selección de 5 propostas de arte urbana, Graffiti.

**Temáticas:** Vincular as Illas Cíes e a declaración de Patrimonio da Humanidade, desenvolvemento sostible, axenda urbana, respecto pola contorna e o desenvolvemento da pesca artesanal e turismo sustentable para incrementar a conciencia ambiental.

**Premio:**

- 600€ para desenvolvemento das obras
- Asignación de espazos na cidade de Vigo. Medidas aproximadas de 2m x 3m.

**Requisitos**

Poderán participar todas as persoas nacionais ou estranxeiras a partir de 16 anos de idade.

Cada artista deberá presentar un esbozo da obra a realizar e dúas fotografías de grafitis anteriormente realizados.

**Envío de esbozos ata o 30 de setembro 2022**

Envío de propostas e dúbidas: [uneteaciespatrimonio@vigo.org](mailto:uneteaciespatrimonio@vigo.org)

## Contido

CÍES TALENT: CERTAME DE ARTE URBANA .....	3
BASES: .....	4
1. OBXECTO.....	4
2. REQUISITOS PARA PARTICIPAR.....	4
3. PROCEDIMENTO DE INSCRICIÓN .....	4
4. PRAZO DE ENTREGA.....	4
5. TEMÁTICA .....	5
6. CRITERIOS DE VALORACIÓN .....	5
7. XURADO.....	5
8. EXECUCIÓN DAS OBRAS SELECCIONADAS.....	5
9. PREMIOS .....	6
10. DEREITOS DE PROPIEDAD INTELLECTUAL .....	6
11. DATOS DE CARÁCTER PERSOAL .....	6
12. ACEPTACIÓN DAS BASES .....	7
13. OUTRAS DISPOSICIÓNS.....	7

## CÍES TALENT: CERTAME DE ARTE URBANA

No contexto do **Proxecto de Candidatura Illas Cíes Patrimonio Mundial UNESCO do Concello de Vigo**, ponse en marcha un proxecto de participación artística no que as **Illas Cíes** volvan converterse nunha **icona do respecto á contorna natural, desde a transformación de cidades e sociedades máis xustas e sustentables**.

Neste proxecto, as Illas Cíes postúlanse como unha contorna protagonista da conservación dos nosos espazos naturais, pondo sobre a mesa os retos sociais e ambientais.

Este proxecto recolle a testemuña das conclusións destiladas das mesas de traballo conformadas polo concello de Vigo no contexto do proxecto de candidatura para involucrar á sociedade a través de distintas disciplinas artísticas.

Búscase promover o talento artístico, impulsando ideas e propostas innovadoras sobre o seguinte tema: Illas Cíes, axenda urbana e sustentabilidade -entendida dunha maneira ampla, coa súa dimensión ambiental e social- para situar a Vigo como cidade xusta, accesible, inclusiva, resiliente e sustentable, que convive de forma respectuosa cun espazo natural que debe conservarse para o goce de xeracións futuras.

Constituirase un xurado que seleccionará as obras a desenvolver en función da súa calidade artística, técnica, experiencia das persoas participantes, adecuación e transmisión de mensaxes sobre as temáticas expostas. A organización fará a selección de espazos para cada proxecto gañador.

Celebrarase un evento aberto a todo o público no que o comité do evento e as autoridades do Concello de Vigo presentarán as novas obras que formarán parte do patrimonio da cidade de Vigo, así como un recoñecemento ás persoas participantes e proxectaranse diferentes elementos audiovisuais sobre o evento.

Por iso e co propósito de que se cumpran os principios de obxectividade, publicidade e libre concorrência, a concellaría de Turismo (a través da Fundación Vigo Convention Bureau) convoca o **II Concurso Cíes Talent – Certame de Arte Urbana de Vigo** de acordo coas presentes bases.

## **BASES:**

### **1. OBXECTO**

O Concello de Vigo, a través da concellaría de Turismo (a través da Fundación Vigo Convention Bureau), coordinador do Proxecto de Candidatura Illas Cíes Patrimonio da Humanidade, convoca o **II Concurso CíesTalent – Certame de Arte Urbana de Vigo**.

O certame inclúe o desenvolvemento de **5 obras** nas fachadas, murais, espazos públicos ou concertados con terceiros da cidade, xunto co desenvolvemento en paralelo dun **encuentro de graffiteiros nacionais e internacionais, “CiesTalent Meeting”**, que serán convidados ó certame para desenvolver muros libres. Así mesmo, nos mesmos espazos, celebrarase unha **batalla de breaking dance “España vs Portugal” e unha Batalla de Rap**.

### **2. REQUISITOS PARA PARTICIPAR**

Poderán concorrer ao certame artistas maiores de 16 anos, con independencia da súa orixe, nacionalidade ou lugar de residencia. Poderán participar artistas de forma individual ou en equipos de dúas persoas.

### **3. PROCEDEMENTO DE INSCRICIÓN.**

A inscrición será gratuíta. Para poder participar no concurso, as persoas interesadas deberán enviar mediante correo electrónico dirixido a [uneteaciespatrimonio@vigo.org](mailto:uneteaciespatrimonio@vigo.org) a seguinte documentación:

- **Solicitud de participación** (Anexo I – datos de participación). A firma desta, supón unha declaración de coñecemento e aceptación expresa das Bases que rexen o concurso e compromiso de cumprimento das mesmas.
- **Esbozos** (máximo 3 de propostas) do traballo presentado ao concurso e explicación da mensaxe a transmitir.
- **Portfolio ou fotografías de obras realizadas con anterioridade.**
- **Declaración de que a obra é inédita** e non foi presentada noutros certames.

### **4. PRAZO DE ENTREGA**

O prazo de inscrición permanecerá aberto ata as 23:59 do 30 de setembro de 2022.

Unha vez finalizado o prazo de presentación da documentación requirida, a organización publicará un anuncio na páxina web [www.uneteaciespatrimonio.org](http://www.uneteaciespatrimonio.org) e [www.vigo.org](http://www.vigo.org) coa lista de participantes gañadores do concurso.

## 5. TEMÁTICA

A temática deberá inspirarse nas Illas Cíes, a protección do medio ambiente e o fomento da sustentabilidade, abordando os beneficios que achegan á sociedade as Illas Cíes e vinculalo coa axenda urbana e os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable.

- Valores naturais e ecolóxicos dos ecosistemas mariños e terrestres das Illas
- Patrimonio histórico das Illas:
  - o Patrimonio material: Faros
  - o Pesca artesanal

O estilo e técnica serán libres e os traballos que se presenten deberán ser inéditos. Non serán admitidas a concurso aquelas propostas que inciten ou fomenten o consumo de drogas, violencia, racismo, xenofobia ou calquera outro tipo de discriminación.

## 6. CRITERIOS DE VALORACIÓN

O Xurado reunirse para valorar os esbozos presentados baseándose nos seguintes criterios valorados no seu conxunto:

- Calidade artística do proxecto (50%)
- Orixinalidade e creatividade da obra (20%)
- Adecuación á temática (30%)

## 7. XURADO

O xurado encargado da valoración e selección estará integrado por 5 persoas de recoñecido prestixio relacionadas co mundo da arte, representantes dos Comités da Candidatura Illas Cíes Patrimonio Mundial do Concello de Vigo ou aquelas persoas que poidan asesorar na avaliación. En todo caso, faranse públicos os diferentes membros do xurado coa finalidade de garantir a publicidade e transparencia do procedemento.

As persoas tanto seleccionadas coma non, recibirán a comunicación do fallo por correo electrónico o luns 3 outubro.

O Xurado terá potestade para a interpretación destas bases; así como de declarar deserto algún premio ou suspender devandito concurso se a cantidade ou calidade dos esbozos presentados non se considerase suficiente.

## 8. EXECUCIÓN DAS OBRAS SELECCIONADAS

- As obras deberán axustarse ao esbozo presentado, salvo xustificación artística ou técnica para a súa adecuación ao espazo baixo autorización da organización.
- O Concello de Vigo asegurará que os espazos de intervención estarán preparados para o desenvolvemento dos murais.

- El material necesario para a realización das obras correrá a cargo das persoas participantes
- A cada concursante seleccionado asignaráselle un espazo preparado para o desenvolvemento dos proxectos.
- O desenvolvemento das obras levarase a cabo ao longo dun día e medio, previsiblemente na fin de semana do 7 – 8 de outubro (salvo decisión en contrario do Concello de Vigo por motivos razoados)
- A organización non se fai responsable do deterioro ou danos que posteriormente se poidan producir nas obras.
- As obras serán orixinais e inéditas. Non poderán participar obras presentadas a outros concursos.
- Finalizadas as obras, organizarase unha xornada onde se presentarán os proxectos á sociedade incluíndo unha explicación de cada artista, así como vídeos do proceso.

## **9. PREMIOS**

O xurado, conforme aos criterios mencionados no punto 6, determinará por maioría dos seus membros os 5 esbozos premiados.

Todos os proxectos premiados recibirán un orzamento de 600€ (que será entregado contra factura) para o desenvolvemento das obras. Estes premios incluírán a retención fiscal que legalmente lles corresponda.

O fallo do xurado será inapelable e este terá facultade para resolver calquera incidente non previsto nas bases.

## **10. DEREITOS DE PROPIEDAD INTELECTUAL**

A organización resérvase a posibilidade de organizar unha serie de exposicións e/ou catálogo con todos ou algúns dos graffitis realizados. Tamén poderán ser difundidos por calquera medio de comunicación social.

Os autores cederán ao Concello de Vigo os dereitos de explotación das obras, consistentes na reprodución, distribución e comunicación pública, os cales se farán sempre co recoñecemento da súa condición de autor excepto manifestación en contra.

Os autores serán os únicos responsables de que non existan dereitos a terceiros nas obras presentadas, nin reclamación algunha por dereito de imaxe eximindo á organización de calquera tipo de responsabilidade.

## **11. DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

O Concello de Vigo na súa condición de responsable de tratamento, informa que os datos solicitados para o rexistro de las persoas participantes serán tratados conforme á lexislación en materia de protección de datos, e particularmente conforme ao disposto no

Regulamento UE 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril. A finalidade do tratamento é a de identificar ao grupo/artista como usuario da Plataforma web, así como para informar (por medio de teléfono, correo electrónico e/ou calquera medio telemático), das accións que leven a cabo durante o desenvolvemento do concurso.

Como usuario, as persoas participantes poderán en calquera momento exercer os seus dereitos de acceso aos datos, rectificación ou supresión, limitación do seu tratamento, oposición ao mesmo; así como a portabilidade dos seus datos, dirixíndose á dirección de correo electrónico [uneteaciespatrimonio@vigo.org](mailto:uneteaciespatrimonio@vigo.org), especificando “Protección Datos” e achegando fotocopia do seu DNI.

## **12. ACEPTACIÓN DAS BASES**

A participación neste concurso implica o pleno coñecemento e aceptación das presentes bases e a conformidade coa decisión do Xurado. A organización resérvase o dereito de modificalas, de regular calquera aspecto non contemplado nas mesmas, así como de interpretarlas. Calquera eventualidade imprevista xurdida en relación co desenvolvemento do concurso, non contemplada de forma expresa nestas bases será resolta pola organización baseándose nos criterios de racionalidade, igualdade e equidade.

## **13. OUTRAS DISPOSICIÓNS**

- As obras premiadas, nos termos previstos no texto refundido da Lei de Propiedade Intelectual, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 1/1996 de 12 de abril, pasarán a ser propiedade do Concello de Vigo e serán obxecto de publicidade, difusión e divulgación a través dos medios de difusión do Concello de Vigo.
- Con respecto ao resto das obras ou traballos presentados que non resulten premiados, a participación no presente programa implicará a autorización á organización para que a mesma, se así o considera oportuno, poida difundir e expor, xa sexa de forma completa ou parcial, ditas obras e traballos, e dispor delas dentro da súa programación de actividades, todo iso de conformidade co establecido no citado texto refundido da Lei de Propiedade Intelectual.
- As obras presentadas deberán ser orixinais e inéditas, entendéndose que non foron publicadas nin premiadas anteriormente en ningún outro concurso.
- A responsabilidade derivada do plaxio ou de calquera transgresión da lexislación vixente que, en materia de propiedade intelectual, puidesen incorrer as persoas participantes, será exclusivamente da súa conta. O Concello de Vigo non se responsabiliza do contido das obras presentadas.



**ANEXO I: SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NA  
CONVOCATORIA**

**1. Datos persoais:**

Apelidos: .....

Nome: .....

DNI: ..... Data de nacemento: .....

Domicilio: .....

Poboación: ..... Código Postal: .....

Tfno.: ..... Correo electrónico: .....

**2. Documentación que se envía xunto ao anexo de solicitude (marcar cunha X)**

- Copia simple do DNI ou NIE
- Bosquexo segundo o establecido no apartado correspondente das bases reguladoras “procedemento de inscrición”
- Portafolio ou fotografías de obras feitas con anterioridade.
- Declaración de que a obra é inédita

**3. Declaración responsable:**

A persoa abaixo asinante declara o cumprimento das seguintes condicións:

- Cumprimento de requisitos xerais de participación establecidos no apartado correspondente das bases reguladoras da convocatoria
- Cumprimento dos compromisos relativos a propiedades intelectual establecidos no apartado correspondente das bases reguladoras
- A proposta expositiva dos proxectos deberá ter a aprobación da comisión antes da súa impresión e maquetación final para garantir a coherencia da formulación expositiva
- Son certos os datos achegados na presente solicitude, comprometéndose a probar documentalmente os mesmos, cando se lle requira para iso.

En caso de falsidade nos datos e/ou na documentación achegada, da que poida deducirse intención de engano, a persoa candidata en cuestión podería ser excluída deste procedemento.

En ,....., a ..... de ....., de 2022

Firma: